

TAREFAS DESTA SEMANA (16-6-20)

Ola,chic@s!!!

A única tarefa que tendes que facer esta semana e correxir as tarefas da semana pasada, NADA MÁIS! , por iso vos envío o solucionario.

XA REMATÁCHEDES O CURSO!!!.

GRAZAS , tanto a vós coma a vosos pais por esforzarvos tanto neste trimestre, e agora, a disfrutar do verán, que O TENDES MEREcido (aínda que lembrádevos de repasar un pouquiño nas vacacións, non se vos vaia esquecer o que aprendestes)

FELIZ VERÁN A TOD@S!!!

SOLUCIÓNS CCNN

1.a) Doíalle moito o brazo. Os pais levárona a urxencias.

b) Cando lle puxeron a vendaxe de escaiola.

c) Durante un mes e medio. Mentres a leva, ten que mover moito os dedos.

d) Unha radiografía é unha imaxe feita mediante raios X. Serve para observar os ósos e detectar unha lesión. R. L.

2.a) Chámase Laura, porque é o nome que está escribindo na escaiola de Marta.

b) R. M. Arriba aparecen os pais de Marta, unha muller e un home adultos, máis ou menos da mesma estatura. A nai é delgada e ten o pelo longo; o pai é máis robusto e ten pelo curto con entradas. Marta ten o pelo longo, é delgada e, ao estar sentada coma os seus pais, non se aprecia ben a diferenza de altura con eles.

A médica é unha muller nova, de constitución normal e co pelo longo recollido.

Abaixo aparece Marta con Laura e un compañeiro. Os tres teñen unha constitución e altura parecidas; Marta ten o pelo longo e solto, coma na imaxe superior; Laura teno recollido nun moño e o neno teno curto.

c) No debuxo superior Marta aparece triste. Vense unhas liñas, como raios saíndo do brazo, que indican que sente dor. No debuxo de abaixo Marta aparece contenta mentres que Laura lle asina na escaiola.

d) R. M. Si, parécese á súa nai, excepto o nariz e a boca, que son coma as do seu pai. Parécese porque, cando os pais se reproducen, os fillos parécense a eles.

3.A resposta correcta é a terceira: **Nunha extremidade superior.**

4. Sentir dor ao levar un golpe forma parte da función de **relación**. Esta función consiste en recibir **información** do noso arredor e **responder** a ela de forma adecuada.

A función de **nutrición** permítenos obter a enerxía e os materiais que necesitamos para vivir.

Mediante a función de **reprodución** as persoas teñen fillos que se parecen aos pais.

5.a) 1. **Os ollos** ven vir o disco voador.

2. **Os nervios ópticos** levan a información ata o cerebro.

3. **O cerebro** calcula como atrapalo.

4. **O cerebro** emite ordes aos brazos para atrapalo.

5. Marta ergue a man e atrapa o disco ao voo.

b) Función de **relación**.

c) **O sistema nervioso, os órganos dos sentidos e o aparello locomotor.**

6. Os ollos.

Os oídos.

A pel.

Os ollos.

7. **Córnea** – é a capa dura e transparente que protexe olo.

Pupila – é o orificio polo que entra a luz no olo.

Iris – rodea a pupila e é de cores.

Nervio óptico – leva a información visual ata o cerebro.

Retina – contén os receptores para a visión.

Cristalino – é unha lente situada entre a pupila e a retina.

8. Olfacto e gusto.

9.a) Obtemos os **nutrientes** (materia) e a **enerxía** que o corpo necesita para funcionar.

b) A **dixestión** consiste en obter substancias útiles a partir dos alimentos.

A **respiración** é a introdución do osíxeno do aire no corpo.

A **excreción** é a expulsión das substancias de refugo fóra do corpo.

A **circulación** permite retirar as substancias de refugo e repartir polo corpo as substancias útiles e o osíxeno.

SOLUCIONARIO DE CC.SS

Ficha 2

1. • **Mitoloxía:** narracións sobre feitos e personaxes extraordinarios.

Ninfa: deusa relacionada cun elemento da natureza.

- O nome provén dunha **ninfa** chamada **Europa**, á que raptou Zeus disfrazado de touro.
- Do navegante italiano **Américo Vespucio**, quen se decatou de que Colón descubrira un novo continente.

2. R. G. Debe colorear **de vermello:** Europa, Oceanía e Asia.

De verde: África, América e a Antártida.

3. • **Europa:** océanos Atlántico e Glacial Ártico.

• **Asia:** océanos Glacial Ártico, Índico e Pacífico.

• **América:** océanos Glacial Ártico, Pacífico e Atlántico.

• **África:** océanos Atlántico e Índico.

• **Oceanía:** océanos Pacífico e Índico.

• **Antártida:** océano Glacial Antártico.

4. • Vense os **continentes** de **Europa, Asia e África.**

• Recoñécense os **océanos Atlántico, Índico, Glacial Ártico e Pacífico.**

Ficha 3

1. • Porque tiñan medo de perderse no mar.
 - **Orientábanse** observando a posición do Sol.
 - Os **viquingos**.
 - Un tipo de **pedra** transparente que, ao elevala cara ao ceo, indicaría a posición do Sol.

2. Porque os viquingos navegaban por calquera zona e en calquera condición, xa houbera Sol ou estivese tapado polas nubes.

3. • **En dirección norte.**
 - **En dirección sur.**
 - R. G.

SOLUCIONES DE MATEMÁTICAS

CALCULO

Ficha 6

$$\bullet 675 \times 7 = \mathbf{4.725}. \quad 409 \times 6 = \mathbf{2.454}. \quad 563 \times 2 = \mathbf{1.126}. \quad 380 \times 8 = \mathbf{3.040}.$$

$$49 \times 36 = \mathbf{1.764}. \quad 57 \times 48 = \mathbf{2.736}. \quad 54 \times 29 = \mathbf{1.566}. \quad 73 \times 25 = \mathbf{1.825}.$$

$$248 \times 24 = \mathbf{5.952}. \quad 256 \times 35 = \mathbf{8.960}. \quad 476 \times 25 = \mathbf{11.900}.$$

$$582 \times 65 = \mathbf{37.830}. \quad 1.632 \times 44 = \mathbf{71.808}. \quad 2.532 \times 23 = \mathbf{58.236}.$$

$$1.342 \times 72 = \mathbf{96.624}. \quad 2.453 \times 20 = \mathbf{49.060}. \quad 35 \times 42 = \mathbf{1.470}.$$

$$428 \times 24 = \mathbf{10.272}. \quad 1.248 \times 45 = \mathbf{56.160}.$$

$$\bullet \mathbf{56; 156; 780; 390; 1.170}.$$

$$\mathbf{178; 712; 178; 1.424; 356}.$$

Ficha 13

$$\bullet 3.384 : 6 = \mathbf{cociente: 564}.$$

$$\mathbf{564 \times 6 = 3.384}.$$

$$4.271 : 7 = \mathbf{cociente: 610; resto: 1}.$$

$$\mathbf{610 \times 7 + 1 = 4.271}.$$

$$8.979 : 8 = \mathbf{cociente: 1.122; resto: 3}.$$

$$\mathbf{1.122 \times 8 + 3 = 8.979}.$$

$$5.149 : 4 = \mathbf{cociente: 1.287; resto: 1}.$$

$$\mathbf{1.287 \times 4 + 1 = 5.149}.$$

$$6.261 : 5 = \mathbf{cociente: 1.252; resto: 1}.$$

$$\mathbf{1.252 \times 5 + 1 = 6.261}.$$

$$2.585 : 3 = \mathbf{cociente: 861; resto: 2}.$$

$$\mathbf{861 \times 3 + 2 = 2.585}.$$

- $2.842 : 2 =$ **cociente: 1.421.**
- $1.519 : 7 =$ **cociente: 217.**

PROBLEMAS

Ficha 18.

a): $236 + 482 = 718.$

b): $2.525 + 823 + 622 = 3.970.$

c): $4.604 - 362 = 4.242.$

d): $246 \times 3 = 738.$

Ficha 52.

1. $60 \times 2 = 120;$

$138 - 120 = 18.$ Necesitamos **18** plazas más.

2. $18 : 6 = 3. 3 \times 70 = 210.$

210 € costarán los monovolúmenes.

3. $2 \times 140 = 280$ €.

$210 + 280 = 490$ €. El transporte costará **490** €.

4. $66 : 7 = 9$ y sobran **3** niñas que dormirán en tienda.

5. $828 : 3 = 276$ € cada cena.

$276 \times 4 =$ **1.104** € costarán las cenas.

SOLUCIÓNS DE LINGUA GALEGA

FICHA 35.

carteiro, avoa, café, burro, discutían, paquete, lapis, caixa, timbre, rico, triste, enriba.

FICHA 64.

1 e 2. Horizontais: *guitarras (sonoras), uvas (maduras), tixolas (redondas), montañas (altas), escadas (curtas)*

Verticais: *mesas (cadradas), augas (limpas).*

Comprendo un texto histórico

1. INVENTORES: Irmáns Mongolfier.

LUGAR DO PRIMEIRO VOO: Versalles.

DATA: 19 de setembro de 1783.

LUGAR DO PRIMEIRO VOO TRIPULADO POR PERSOAS: París.

DATA: 21 de novembro de 1783.

2. Os fragmentos do texto en que falan os inventores son as liñas:

-3 (–*Señorase señores...*).

-6-13 (–*Meu irmán... ata o ceo*).

-18-20 (*Agora, señoras... no noso globo*).

3. A seda servía para → **fabricar o globo.**

O lume servía para → **quentar o aire de dentro do globo.**

O aire quente servía para → **facer subir o globo ata o ceo.**

A cesta servía para → **transportar os pasaxeiros.**

4. Unha multitude, moita xente, uns cantos, un trío, unha parella.

5. • Jacques.

• Joseph.